

## **ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 5 DE NOVIEMBRE DE 2009**

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a cinco de novembro de dous mil nove, sendo as vinte horas e trinta minutos, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa, D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as:

### **Grupo do Partido Socialista:**

D. José M. Francisco Mata Buyo  
D. Jesús Vázquez García  
D. Francisco Javier Santos Maseda  
D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Begoña Calviño Dorado  
D. Domingo Fuentes Rocha

### **Grupo municipal do Partido Popular:**

D. José Eduardo Zapata Roel  
D.<sup>a</sup> Silvia María Vázquez Cardelle  
D. José Luis Dans Medín

### **Grupo municipal Veciños de Bergondo:**

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro  
D.<sup>a</sup> María del Loreto Caseiras Arroyo

### **Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:**

D. Antón Sánchez García

### **Non asisten:**

D. Manuel Parga Fernández (BNG)

### **Así mesmo asisten:**

A interventora municipal: D.<sup>a</sup> Laura Gutiérrez Ortiz  
A secretaria xeral: M.<sup>a</sup> de las Mercedes Fernández González

## **ORDE DO DÍA**

- 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO “PAVIMENTACIÓN NA ESTRADA DAS LEIRAS”.
- 2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO 2009 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.
- 3.- MODIFICACIÓN, DE ACORDO CO IPC, DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 13 REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, POLA ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECIMENTO, E, Á REDE XERAL DE SANEAMENTO, ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

## **1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO “PAVIMENTACIÓN NA ESTRADA DAS LEIRAS”.**

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“No Pleno municipal que tivo lugar o 18 de xuño de 2009, referente ó Plan Provincial de Axuda contra a crise (PAC-2), recollido no punto 2 da Orde do Día, consta entre outros, e concretamente no apartado **Terceiro** da proposta da Alcaldía o seguinte:*

*“**Terceiro:** solicitar a inclusión da seguinte obra no Plan complementario para ser financiado con cargo aos remanentes que se poidan xerar polas baixas de licitación ou anulacións de obras, de xeito que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan ditos remanentes, aprobando o correspondente proxecto técnico DENOMINACIÓN: Pavimentación na estrada das Leiras; Orzamento total: 42.481,81”.*

*Tendo en conta que ó día de hoxe o Concello de Bergondo ten recursos propios suficientes para o financiamento da obra á que fai referencia o citado proxecto, propónse ó Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro:** deixar sen efecto a condición citada no apartado **Terceiro**, da proposta aprobada polo Pleno municipal do día 18 de xuño de 2009, referente ó Plan complementario do Plan Provincial de Axuda contra a crise (PAC-2).*

***Segundo:** en consonancia co exposto no apartado **Primeiro** de esta proposta, aprobar o proxecto nomeado PAVIMENTACIÓN NA ESTRADA DAS LEIRAS, cun orzamento de: 42.481,81 euros, IVE engadido, redactado polo enxeñeiro de camiños, D. Angel Delgado Cid, colexiado núm. 4657, e que foi informado polo arquitecto técnico municipal o día 11 de xuño de 2009.*

***Terceiro:** declarar que o concello está tramitando as actuacións necesarias en relación ás autorizacións dos organismos correspondentes, referentes ás afeccións e a dispoñibilidade dos terreos para a execución da obra.*

***Cuarto:** comunicar o presente acordo ós Servizos Técnicos municipais co fin de que proceda a formalizar a acta de trazado de planta, requisito previo para a tramitación do expediente de contratación.*

***Quinto:** facultar expresamente á Sra. Alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo, e o seu correspondente expediente.*

*De tódolos xeitos o Pleno municipal decidirá o que crea mais conveniente.*

*Bergondo, 26 de outubro de 2009.=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez “*

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta que como xa indicou na sesión da Comisión Informativa, este proxecto xa ía incluído no POS do ano pasado como complementario e este ano incluíuse tamén como complementario no PAC. Dado que é moi improbable que haxa baixas no PAC que favorecesen a execución desta obra, e tendo en conta que agora hai recursos propios do concello debido a diferentes baixas nas adxudicacións doutras obras, tráese a aprobación do proxecto a este Pleno, para poder iniciar o expediente de contratación da obra e executala con recursos propios.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

## **2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO 2009 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Elaborado o expediente sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para o actual exercicio de 2009, no que se inclúe **un suplemento de crédito**, por un importe de 617.000,00 euros, para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación, relativas ó Capítulo II correspondente a gastos de Bens correntes e de Servizos, ó Capítulo IV correspondente a Transferencias correntes e ó Capítulo VI correspondente a gastos de inversión, e xustificada a urxencia das citadas modificacións na Memoria da Alcaldía de data 23 de outubro de 2009 que consta no presente expediente, e previo Informe da Intervención Municipal de data 23 de outubro de 2009, preséntanse os créditos que se pretenden modificar desglosados por partidas orzamentarias xunto coa súa financiación.

En consecuencia, propónse ó Pleno, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar a proposta de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito referida, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás partidas que se detallan a continuación e polo importe reflectido:

**Capítulo II: Gastos en Bens Correntes e de Servizos.**

<b>Partida orzamentaria</b>	<b>Concepto orzamentario.</b>	<b>Consignación antes da modificación</b>	<b>Incremento</b>	<b>Consignación Definitiva</b>
121/220.00	Material de oficina	15.000,00	6.000,00	21.000,00
121/220.01	Prensa e publicacións	10.000,00	10.000,00	20.000,00
121/221.03	Combustibles e carburantes	25.000,00	15.000,00	40.000,00
121/222.01	Postais e correos	15.000,00	5.000,00	20.000,00
121/224.00	Primas de seguros	20.000,00	7.000,00	27.000,00
121/227.00	Servizos realizados por outras empresas	70.000,00	34.000,00	104.000,00
422/220.01	Educación (libros, publicacións)	7.000,00	5.000,00	12.000,00
432/212.00	Reparacións edificios e outras construcións	10.000,00	25.000,00	35.000,00
432/213.00	Iluminación pública. Reparacións	30.000,00	50.000,00	80.000,00
432/227.06	Urbanismo e arquitectura. Estudos e traballos técnicos	220.000,00	50.000,00	270.000,00
441/219.00	Saneamento. Outro inmovilizado material	50.000,00	90.000,00	140.000,00
441/221.01	Saneamento e abastecemento de auga	846.729,97	110.000,00	956.729,97
511/210.00	Vías e camiños. Infraestruturas	55.000,00	50.000,00	105.000,00
511/213.00	Maquinaria, instalacións	5.000,00	20.000,00	25.000,00
511/214.00	Material de transporte	25.000,00	40.000,00	65.000,00
	<b>CAPÍTULO II: TOTALIDADE DE CRÉDITO</b>	1.403.729,97	517.000,00	1.920.729,97

**Capítulo IV: Transferencias Correntes**

<b>Partida orzamentaria</b>	<b>Concepto orzamentario.</b>	<b>Consignación Inicial</b>	<b>Incremento</b>	<b>Consignación Definitiva</b>
-----------------------------	-------------------------------	-----------------------------	-------------------	--------------------------------

442/467.01	A Consorcios	60.000,00	30.000,00	90.000,00
	<b>CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO</b>	60.000,00	30.000,00	90.000,00

**Capítulo VI: Inversións reais:**

<b>Partida orzamentaria</b>	<b>Concepto orzamentario.</b>	<b>Consignación Inicial</b>	<b>Incremento</b>	<b>Consignación Definitiva</b>
432/611.04	Inversión repos. Prazas, xardíns	363.991,14	70.000,00	433.991,14
	<b>CAPÍTULO VI: TOTALIDADE DE CRÉDITO</b>	363.991,14	70.000,00	433.991,14

**TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO:** 617.000,00 euros

O financiamento deste suplemento de crédito proposto realizarase con cargo a:

a) *Baixa por anulación da partida orzamentaria 511/611.01: 200.000,00 euros. Esta baixa non prexudica servizo algún, no seu momento a posibilidade de obter subvención para o sistema xeral de saneamento do Concello de Bergondo, por parte de Augas de Galicia, levou a ter que dotar de crédito esta partida, pero a estas alturas do exercicio xa se ten coñecemento de que esta subvención non se vai obter ata o ano seguinte, polo que non é necesario.*

b) *Remanente líquido de Tesourería co seguinte desglose:*

*Remanente líquido de Tesourería a esta data: 1.113.289,73 euros*

*Cantidade que se precisa utilizar neste expediente: 417.000,00 euros*

*Diferenza, cantidade de Remanente sobranste: 696.289,73 euros*

*Consecuentemente coas modificacións acordadas, o Orzamento de 2009 queda como segue:*

**Resumo da modificación orzamentaria por capítulos de gasto**

<b>Capítulo</b>	<b>Consignación antes da modificación</b>	<b>Aumento</b>	<b>Diminución</b>	<b>Consignación definitiva</b>
1.- Gastos de persoal	2.251.579,04	0,00	0,00	2.251.579,04
2.- Gastos bens correntes e servizos	2.799.202,67	517.000,00	0,00	3.316.202,67
3.- Gastos financeiros	40.000,00	0,00	0,00	40.000,00
4.- Transferencias correntes	214.450,00	30.000,00	0,00	244.450,00
6.- Inversións reais	5.087.026,90	70.000,00	200.000,00	4.957.026,90
7.- Transferencias de capital	108.397,35	0,00	0,00	108.397,35
8.- Activos financeiros	22.000,00	0,00	0,00	22.000,00
9.- Pasivos financeiros	45.000,00	0,00	0,00	45.000,00
<b>TOTAIS</b>	10.567.655,96	617.000,00	200.000,00	10.984.655,96

**SEGUNDO:** *Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición ó publico durante 15 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.*

**TERCEIRO:** *Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.*

**CUARTO:** *Remitir copia do expediente á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.*

*O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.*

*Bergondo, 23 de outubro de 2009=A Alcaldesa =Asdo. Alejandra Pérez Máquez”*

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta: este é o segundo suplemento que se trae ó Pleno, o primeiro foi no mes de maio, basicamente para inversións, e agora é, basicamente para gasto corrente. Se desglosan 517.000 euros en gasto corrente, 30.000 euros en transferencias e 70.000 euros

en inversións, para dous proxectos complementarios de incrementos de obras, unha é a praza do concello e a outra as beirarrúas de Guísamo.

Xa dicíamos na Comisión Informativa, algunha das partidas que poden chamar algo mais a atención son, o abastecemento e saneamento de auga que se incrementa en 110.000 euros, a razón é o pago das depuradoras que esta pendente; estaba previsto facer a modificación integral da ordenanza da auga para repercutir a depuración ós usuarios, pero non se fixo porque dende a Xunta de Galicia se está co borrador da Lei de augas, para cambiala. Esas facturas van vir agora, a finais de ano.

Outra partida, tamén importante, é a de saneamento, son 90.000 euros. Debido ás prolongacións de rede que se fan cando a xente as solicita as acometidas. Neste ano houbo prolongacións que foron moi importantes, algunha chegou ós 30.000 euros, no é o habitual pero, é a dispersión que ten este concello. Cando é unha promotora a que fai as obras se lles imputa a eles, pero non cando é un particular.

Outras partidas importantes son as de vías e camiños, infraestruturas e maquinarias, e material de transporte; incrementáanse en 50.000, 20.000 e 40.000 euros, algunha aínda ten saldo positivo pero, por exemplo, na 511.210 está previsto a reposición das marquesiñas, e o presuposto que hai é duns 20.000 euros; sinalización, reparación de maquinaria, neste caso a maquinaria que hai, cortacésped, desbrozadoras, etc., é moi vella e este ano houbo moitas reparacións, de feito, a partida de reparación deste material, a día de hoxe ten un saldo negativo de 7.000 euros.

Outras partidas incrementáanse nunhas cantidades menores, como poder ser material de oficina, incrementase en 6.000 euros, que nun suplemento de 617.000, non consideramos relevante. Aquí se inclúen os subministros de concello, como son os impresos autocopiativos de solicitudes, de liquidacións de ICIO, taxas, transferencias, encadernacións dos libros de actas e decretos, carteis de información xeral e material de fotocopiadoras, impresoras, etc. aínda queda unha cantidade pequena nesta partida, que son uns 2.700 euros, pero está pendente de facerse un pedido.

Incrementase tamén a partida de prensa e publicacións, aquí están metidas as subscricións que ten o concello, tanto en papel como en formato dixital. Igualmente os anuncios que ten a obriga de facer, no BOP e na prensa, de contratacións cando así o recollen os Pregos. Este ano o volume de contratación no concello foi altísimo, e, aínda que despois estes gastos se repercuten ó adxudicatario, ten que haber cartos na partida, e, neste intre esta partida está en negativo de 6.000 euros, estamos dotándoa de 10.000 euros, para cubrir o negativo e facer unha previsión ata finais de ano.

A partida de servizos postais e correos, corresponden a toda a correspondencia que se envía dende o concello, que non é aleatoria, é, basicamente a que obriga a lei; de feito, ás veces, son os propios concelleiros da oposición os que nos din que se fagan envíos á poboacións, en bandos si se fai; aproximadamente son 1.000 euros ó mes o que se ven gastando en factura de Correos.

A partida de combustibles e carburantes se incrementa bastante, exclusivamente recolle gasóleo e gasolina para os vehículos do concello e para a maquinaria, e as caldeiras que ten a Casa da Cultura, o edificio de Protección Civil, o da Senra e o pavillón de Guísamo; a día de hoxe xa ten un saldo negativo de 5.000 euros e a previsión é que neste mes ou en decembro, haberá que encher a caldeira dalgunha delas.

O vehículo que ten o concello, o C3, o utilizan durante a semana, exclusivamente, os funcionarios e traballadores do concello e grazas a iso estase a pagar menos por quilometraxe.

A partida de primas dos seguros, ten na actualidade un saldo de 2.000 euros; falta por pagar un de 9.000 euros que corresponde ás actividades. Pode parecer que estes gastos poderían estar previstos a principios de ano, pero houbo un coche a maiores, o de Protección Civil, que se mercou a finais do ano pasado.

Unha partida que se incrementa bastante, é a de servizos realizados por outras empresas, o outro día xa lle comentaba que eran nos servizos de limpeza, e, a maiores, as substitucións que se fan por motivo das baixas de I.T.. Estase a facer a substitución dunha xubilación que houbo no mes abril, que se está a cubrir a partir da empresa externa; algo que non estaba previsto.

Tamén se meteron nesta partida os recoñecementos médicos do persoal do concello, así como os dos aspirantes ás prazas de policía locais e as súas probas psicotécnicas. Actualmente esta partida ten un saldo negativo de 25.000 euros, estamos incrementando 34.000 para compensalo.

Outra partida importante é a dos estudos e traballos técnicos de urbanismo e arquitectura, nesta partida englobanse direccións de obra, redacción de proxectos e todo o relativo ós traballos técnicos que se tiveron que facer neste ano. A previsión do concello é con respecto ó FEIL do ano que ven, aínda que prevé a posibilidade de incluír as redaccións de proxectos, e as direccións de obra no mesmo Fondo, poder asumilos desde o concello; se despois se subvencionan non os pagaremos nós, pero entendemos que se debe asumir todo o Fondo Estatal en inversión e facer o esforzo de metelo en gasto este ano, porque, lles recordo, e outras veces o teñen comentado vostedes, este concello ten Remanente, aínda que non é para usar aleatoriamente, e, noutros concellos agora mesmo están pensando se poderán pagar os soldos dos funcionarios en novembro ou decembro, aquí iso non pasa; tampouco tivemos que acudir a operacións de crédito incluídas no Fondo Estatal, senón que, actualmente, o concello dispón dunha bolsa importante que non se pode malgastar, pero non se debe deixar de acometer cousas que son básicas para o funcionamento do concello.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do PP, José Eduardo Zapata Roel e di: xa na Comisión Informativa non explicou nada, e agora danos un escrito que tampouco explica absolutamente nada. Este é un gasto xa recoñecido, é un gasto sobre o que ten que actuar, non estamos a principios de ano previndo nada; é un gasto que ten que acometer o Concello de Bergondo, e ten as cifras, e non nolas da; non as deu na Comisión Informativa nin agora, non nós di partida por partida o que vai gastar, e son cen millóns de pesetas.

Sra. alcaldesa: acabo de dicirlllo, Sr. concelleiro.

Sr. voceiro do PP: non Sra., non deu nin un só dato, dixo que había partidas deficitarias que hai que suplementar, non nós deu nin un só dato.

Sra. alcaldesa: pois entón está claro que aquí hai problemas de audición.

Sr. voceiro do PP: e aparte de todo, as previsións do Concello de Bergondo son “estupendas”. En maio fai un suplemento de crédito, e, en novembro fai outro coas mesmas partidas, seis partidas. Material de oficina, a consignación inicial eran 10.000 euros, pasamos a 21.000 con dous movementos en maio e en novembro; en iluminación pública a consignación son 15.000, pasamos a 80.000, en Urbanismo 90.000, se modifican en maio e en novembro e pasamos a 270.000; en saneamento 10.000 se modifica en maio e novembro e pasamos a 140.000; en abastecemento de augas eran 600.000, pasamos a 956.000, ¿para que queremos o Orzamento?. A este partido o que lle indigna, é que se non chega a faltar un concelleiro, vostede non houbera aprobado este suplemento de crédito.

Sra. alcaldesa: non está aprobado.

Sr. voceiro do PP: é igual, pero o que ía estar fastixiado, é o que está pendente de cobra as facturas, que parece que a vostede non lle importa.

Sra. alcaldesa: pois precisamente porque me importa, senón dentro duns meses estaríamos aquí, votando un recoñecemento extraxudicial de crédito. O ano pasado chegaron a insinuar, e a dicir incluso, que porque non se fixera un suplemento de crédito antes de finalizar o ano, como había que facerse; estase facendo agora.

Sr. voceiro do PP: pero se explican as partidas e os gastos, e non está a explicar nada.

Sra. alcaldesa: estouno explicando.

Sr. voceiro do PP: pois eu, non entendín nada.

Sra. alcaldesa: pois será iso, que vostede non o entendeu.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro, e di: como sabe son moi crítico nos temas de incrementar gastos no concello, e ademais desta maneira, entendo que hai 200.000 euros que son, mais ou menos, xustificados que é a parte de saneamento, a parte de inversión; pero dos outros 500.000, como dixen na Comisión Informativa, discrepo bastante.

Eu creo que non é aprobar este suplemento de crédito, parece que vostede ven aquí a que lle demos o aprobado da súa labor como un xestor económico do concello. En moitas das partidas que vostede indicou, para nós que revisamos os decretos, o que hai é unha falta de previsión. Este ano recibimos un millón e pico de euros do Plan E, setecentos mil e pico de euros para outras inversións; todo o mundo, empresas, persoal e familias, estanse apertando o cinto e nós incrementamos o gasto, é un ano para dar exemplo. Con estes 500.000 euros o que estamos a facer é non optimizar as previsións de anos pasados ás previsións de anos seguintes. Na parte de gasóleo, aínda que se incrementa só o cincuenta por cento, este ano foi o mais quente, non se acenderon as calefaccións, non se pode xustificar que se incremente en 15.000 euros o gasóleo. É unha falta de control, o gasto hai que controlalo mais.

Vostede di que temos Remanente de tesourería, e cando non o teñamos ¿que facemos?, empezamos a despedir xente ou deixamos de pagar, é un exercicio de reflexión. Ademais se non aprobamos este suplemento, imos deixar á xente que ten que cobrar estas facturas sen cobralas, e que con iso xa nos obriga a aprobalo. Eu insístolle, faga unha reflexión dunha vez, controle mais o gasto, controle mais as inversións. Das inversións, só se executa o corenta por cento, ano a ano, o ano pasado dixo que íase cumprir o cen por cen, pois o corenta por cen, xa é hora de parar e pensar.

Sra. alcaldesa: estou de acordo con vostede, e a ninguén lle gusta facer un presuposto no que o gasto corrente sexa o maior dos Capítulos, pero é así, e así é en Bergondo e noutros concellos. No gasto corrente poden ir gastos que a un lle poden parecer superfluos, que non o son porque son para tramitación diaria, e outros que son básicos. Eu diríalle, por exemplo, aínda que non está aquí recollido, calquera gasto de servizos sociais é gasto corrente e a ninguén se lle ocorrería dicir que esa é unha partida que non se debe incrementar, ó contrario, porque estamos pedindo continuamente que se axilicen os temas de dependencia.

Pódolle dicir que quizás se fixo unha previsión demasiado curta nalgunhas partidas, iso o recoñezo, pero neste concello nin se bebe a gasolina, nin se acenden as luces cando non fan falta; si se intenta facer unha contención do gasto, por suposto que si.

Sr. voceiro de VB: na partida de electricidade, ano a ano, somos o concello que mais gastamos

Sra. alcaldesa: asegúrolle que non.

Sr. voceiro de VB: xa veremos a finais de ano. Nos temas da maquinaria haberá que facer tamén unha reflexión, se é moi vella haberá que inverter algunha vez, non gastar ano a ano.

Sra. alcaldesa: si, estou de acordo, pero este foi o primeiro ano onde houbo estas facturas tan desmesuradas de amaños de material. A reflexión será que, ó mellor, para o ano hai que inverter nun tractor novo.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García, e manifesta: como a nós sempre nos toca de últimos, non vou insistir na falta de previsión, como xa dixeron os outros voceiros, porque ademais é obvio, dun crédito inicial de 6.392.000 euros, que haxa unha desviación de mais de 2.000.000, xa non hai nada que discutir.

Faise un orzamento e dise que este ano de crise vai haber un esforzo de contención do gasto, e a finais de ano acabamos con un orzamento que supera o 35% de incremento con estes suplementos, non ten xustificación. Como di a lei, isto ten que facerse con causas xustificadas e por imprevistos, e case ningunha das partidas pode ser explicada con ningún imprevisto; a Sra. alcaldesa explicou moi pedagoxicamente todas as partidas, pero o tema fundamental que nós vemos aquí é unha falta de confianza no orzamento como instrumento de previsión de gastos para conter o gasto, e, despois, un habito a utilizar estes suplementos de crédito para ir gastando, é o *modus operandi* do noso goberno local, o orzamento hai que facelo pero non se confía nel como un instrumento de racionalizar o gasto.

A partires de aí, nós queremos dicir que, cremos que isto hai que deixalo na mesa para un próximo Pleno, porque ninguén pestanexou cando a Secretaria leu que a consignación definitiva do Orzamento son 10.984.000 euros, isto é un erro. Na proposta de acordo, no resumo da modificación orzamentaria por Capítulo de Gastos, está pragado de erros, non nós estraña que xa ó final non nós enteramos cal é

orzamento final. Na última modificación, no Pleno do 28 de maio, tiñamos uns créditos definitivos de 7.884.324,62 euros, aquí pon *consignación antes de modificación* 10.567.655,96 euros, *gastos de bens correntes e servizos*, na anterior acta quedabamos con 2.628.378,69, aquí aparecen 2.799.202,67, en *inversións reais*, de 2.804.000, aquí aparecen 5.087,26.

Sra. alcaldesa: e vostede di que iso é un erro, pois non Sr. concelleiro, non é un erro.

Sr. voceiro suplente: ¿non?, ¿pois que pasou?.

Sra. alcaldesa: pois que son todas as modificacións que se foron facendo dende Intervención.

Seguidamente a Sra. alcaldesa dálle a palabra a Sra. interventora que di: foron todas as xeracións de crédito que houbo ó longo do exercicio, o que ten que recollese é a realidade do Orzamento, é dicir, antes de este suplemento o Orzamento é de dez millóns e medio de euros, con todas as xeracións de crédito que se fixeron ó longo do exercicio, ata esta data.

Sra. alcaldesa: non estamos tomando como base o documento de maio, seguiu-se traballando e houbo mais xeracións de crédito, iso é así, non é un erro.

Sra. interventora: está na execución do Orzamento

Sr. voceiro suplente: pois non o entendo, daquela en maio ¿non se xerara nada con respecto ó orzamento inicial?. O crédito inicial coincide co Orzamento.

Sra. alcaldesa: pode ser que en maio non, porque as notificacións de subvencións nese mes, normalmente, non están concedidas. Habería que ter aquí a documentación dese suplemento de maio.

Sr. voceiro suplente: se a interventora considera que non hai erro, ben. En resumo, nós nos opoñemos a este suplemento de crédito por falta de previsión e por non xustificarse este incremento das partidas.

Seguidamente procedese á votación da proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: un (1) voto en contra.

**Total: seis (6) votos a favor, dúas (2) abstencións e catro (4) en contra.**

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

### **3.- MODIFICACIÓN, DE ACORDO CO IPC, DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 13 REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, POLA ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECIMENTO, E, Á REDE XERAL DE SANEAMENTO, ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.**

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“Unha vez que foi vista a necesidade de dar cumprimento ó artigo 6º.D da Ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa pola subministración de auga potable, pola acometida á rede xeral de abastecemento e á rede xeral de saneamento, así como pola prestación do servizo de rede de saneamento e de depuración de augas residuais, é preciso tramita-lo expediente de modificación da citada ordenanza para aplica-los incrementos correspondentes ó IPC interanual do mes de setembro de 2007, de 2008 e de 2009, tendo en conta que a última modificación realizada foi co IPC interanual do mes de setembro de 2006.*

*Polo anteriormente exposto, propónse ó Pleno da corporación que despois do exame da documentación que obra no expediente, adopte o seguinte acordo:*

***1º.- Aprobar provisionalmente có quórum da maioría simple legal, a modificación da Ordenanza fiscal n.º 13 reguladora da taxa pola subministración de auga potable, pola acometida á rede xeral***

Pleno extra: 05/11/2009



*de abastecemento e á rede xeral de saneamento, así como pola prestación do servizo de rede de saneamento e de depuración de augas residuais, incrementadas coa aplicación dos IPC's interanuais de setembro de 2007, de 2008 e de 2009, e practicado o posterior redondeo a dous díxitos, cuxo texto modificado queda como segue:*

**“Artigo 6º.- Cota tributaria.**

*A cota tributaria referida á presente taxa é a seguinte:*

**A.-** *Servizo de subministración de auga potable.*

**A.1.-** *Subministración doméstica*

**a)** *Cota de mantemento do servizo - 11,59 euros*

**b)** *Cota de consumo:*

*- Mínimo: 30m3 ----- 0,28 euros/m3*

*- 31 m3 ata 60 m3----- 0,50 "*

*- 61 m3 en adiante----- 0,65 "*

**A.2.-** *Subministración Industrial:*

**a)** *Cota de mantemento do servizo- 11,59 euros*

**b)** *Cota de consumo:*

*- mínimo: 75 m3.----- 0,44 euros/m3*

*- 76 m3 ata 100 m3 ----- 0,66 "*

*- 101 m3 en adiante ----- 0,95 "*

**A.3.-** *Subministración a comunidades de abastecemento de auga preexistentes á posta en funcionamento do servizo municipal da auga.*

**a)** *Cota de mantemento do servizo- 11,59 euros*

**b)** *Cota de consumo:*

*Custo do m3 de auga facturado por EMALCSA + 0,06 euros/m3*

**B.-** *Realización das acometidas (no suposto de licenza ou autorización para a acometida á rede de abastecemento ou á de saneamento coincidirá exactamente co importe do presuposto material da obra, presupostado pola empresa concesionaria dos servizos e aprobado polo órgano municipal competente).*

**1.- Acometidas á rede xeral de abastecemento:**

*O material empregado na súa realización será polietileno reticulado, apto para o uso alimentario, e cunha presión nominal de traballo de 10 atmosferas. Tódalas acometidas levarán como mínimo, unha chave de toma na beirarrúa, co seu correspondente rexistro e arqueta, que non poderá ser manipulada polo abonado, e outra chave situada inmediatamente antes do contador.*

*Os diámetros das acometidas, serán os seguintes: 3/4", 1", 1 1/4", 1 1/2" e 2", e determinaranse polo servizo, en función do tipo e número de subministracións que deberán de servirse da mesma.*

*No caso de ter que realizar, unha cometida de diámetro superior a 2", terá que facerse un presuposto, exclusivo para esa acometida, e non estará suxeito a esta tarifa.*

*Só se realizará unha única acometida por cada edificio, ou vivenda unifamiliar, debendo ser distribuída a auga, desde esta, mediante a correspondente batería de contadores, que deberá ter capacidade para cada unha das vivendas do edificio, ademais de, para cada 50 m2 de baixo, tal como indica a Orde do 9 de decembro de 1975 do Ministerio de Industria. Tendo en conta ademais, que no caso de vivendas da baixo e planta, será necesario poñer dous contadores, sempre que o baixo sexa usado como vivenda independente do piso, ou se realice calquera tipo de actividade industrial, aínda que ámbolos dous (baixo e piso), sexan do mesmo propietario.*

*No caso de non existir rede xeral de distribución na fronte do domicilio solicitante, terá que ser feita unha extensión da rede xeral de distribución, ata acadar o domicilio de*

subministración. Dita extensión da rede de distribución non estará suxeita a esta tarifa, debendo ser reflectida esta circunstancia na solicitude do peticionario, co obxecto de realizar o presuposto da ampliación correspondente, condicionando a aprobación da solicitude á realización da extensión da rede xeral.

**2.- Acometidas á rede xeral de saneamento:**

O material empregado, na súa realización, será PVC, reforzado para 4 atm., apto para sistemas de evacuación. Tódalas acometidas (si é posible), irán, desde unha arqueta de inspección e limpeza, situada na beirarrúa, ó pé da propiedade do usuario, ata un pozo de rexistro da rede xeral, e non poderán ser acometidas directamente a esta, co obxecto de non debilitala, e non dar lugar a ningún tipo de posible fuga contaminante, no seu entronque.

Os diámetros das acometidas serán de 160 e 200 mm, e determinaranse, polo servizo, en función do tipo e número de usuarios que deberán de servirse da mesma.

No caso de ter que realizar, unha cometida, de diámetro superior a 200 mm, terá que ser feito un presuposto, exclusivo para esa acometida, e non estará suxeito a esta tarifa.

A arqueta de inspección e limpeza, será cadrada, de 40 x 40 cm, e servirá ademais, para que o usuario, acometa a toma da súa vivenda.

Só se realizará, unha única acometida por cada edificio, portal, ou vivenda unifamiliar, debendo ser canalizadas interiormente as distintas baixantes de augas fecais, cara unha toma común, tendo en conta ademais, que no caso de vivendas unifamiliares, compostas de baixo e planta, consideraranse dous abonados sempre que o baixo sexa usado como vivenda independente do piso, ou se realice, calquera actividade industrial, aínda que ámbolos dous (baixo e piso), sexan do mesmo propietario.

Non se poderán canalizar cara a rede de saneamento, as baixantes de augas pluviais, reboses de pozos, mananciais ou calquera outro tipo de augas que non sexan de carácter residual doméstico.

Os talleres ou industrias, que empreguen no seu cometido, calquera tipo de hidrocarburos, ou substancias consideradas altamente contaminantes, deberán de ter, de acordo coa normativa vixente, o seu correspondente tanque separador de aceites e graxas, ou sistema de depuración previa, estando totalmente prohibido, realizar ningún tipo de vertidos directos á rede de saneamento de calquera destes produtos.

No caso de existir, na vivenda onde se vai a realizar unha acometida de saneamento, unha fosa séptica, esta, como posible foco de contaminación, deberá de ser clausurada, de acordo coa normativa sanitaria vixente, non podéndose realizar ningún vertido, á rede xeral, a través dela, e debendo por tanto, a acometida ser independente da mesma.

**B.1.- Á rede xeral de abastecemento:**

	Diámetro da acometida				
	3/4"	1"	1 1/4"	1 1/2"	2"
Mínimo (4m):	345,16 euros	376,31 euros	422,45 euros	459,84 euros	570,72 euros
Por m engadido:	68,54 euros	72,28 euros	73,53 euros	74,75 euros	85,99 euros

**B.2.- Á rede xeral de saneamento:**

	Diámetro da acometida	
	160 mm	200 mm
Mínimo (4m):	366,36 euros	390,04 euros
Por m engadido:	74,75 euros	81,00 euros

**B.3.- Dereitos de enganche ----- 74,75 euros**

**C.- Prestación do servizo da rede de saneamento e de depuración de augas residuais:**

Pleno extra: 05/11/2009

*C.1.-Servizo de saneamento:*

*C.1.a. Saneamento doméstico:*

- Mínimo 30 m3. ----- 0,13 euros/m3
- 31 m3.en adiante ----- 0,13 euros/m3

*C.1.b. Saneamento industrial:*

- Mínimo 75 m3. ----- 0,13 euros/m3
- 76 m3.en adiante ----- 0,13 euros/m3

*C.2.- Servizo de depuración:*

*C.2.a. Polígono Industrial:*

- Cuota de servizo ----- 74,75 euros
- Mínimo 50 m3. ----- 0,64 euros/m3
- 51 m3 ata 500m3----- 0,74 euros/m3
- 501 m3.en adiante ----- 0,93 euros/m3"

*D.- Aplicación do IVE*

*As contías do presente artigo incrementaranse co IVE vixente no momento da realización da acometida ou o que sexa de aplicación á prestación dos demais servizos.*

*Os prezos das presentes tarifas incrementaranse tódolos anos, con data 1 de xaneiro, de acordo co IPC resultante do ano anterior.*

*2º.- Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.*

*3º.- As reclamacións presentadas serán resoltas pola corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da ordenanza.*

*O Pleno decidirá o que estime mais conveniente.*

*Bergondo, 22 de outubro de 2009=A Alcaldesa =Alejandra Pérez Máquez"*

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, e manifesta: estaba previsto facer a modificación integral da Ordenanza, visto que non se vai facer, aplicamos o incremento do IPC dos anos 2007 e 2008 e a diminución deste último, como tamén nos obriga o Prego.

O Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García, pregunta: como non estiven na Comisión Informativa, non sei porque non se actualizou nos tres últimos anos.

Sra. alcaldesa: se estaba traballando na modificación integral da Ordenanza, sobre todo este último ano, porque habería que introducir a depuración de augas residuais, actualmente, e dado que a Xunta está con ese borrador de Augas, que vai cambiar todo o sistema dos canons e depuración e consumos, etc., nos vemos na obriga de facer, polo menos, o incremento do IPC.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

E non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, remátase a sesión, de orde da alcaldesa, redactándose a presente acta da que eu, a secretaria xeral, dou fe.

A secretaria

V. e Pr.:  
A alcaldesa

M.<sup>a</sup> de las Mercedes Fernández González

Alejandra Pérez Máquez

Pleno extra: 05/11/2009